STOCKHOLM 1841

Rodrigo Sorogoyen, 2013

ESTREA EN NUMAX: 15.10.2026 | V.O.

Unha noite, nunha discoteca, ves unha moza, namoras dela fulminantemente e dislo. Aínda que non che fai moito caso pasas con ela o resto da noite. Que sucede se, ao día seguinte, non fose a rapaza que parecía ser? Unha noite, nunha discoteca, achégaseche o típico rapaz que di ter namorado de ti. Non lle fas caso, pero despois comprobas que non é o típico plasta, é simpático, encantador e pasas o resto da noite con el. Que sucede se ao día seguinte non fose en absoluto o que parecía ser?

«Un guión astutamente construído no que a atención non decae nunca, uns personaxes construídos con primor»
M. Torreiro, FOTOGRAMAS

Ano: 2013
Duración: 90 minutos
Idioma orixinal: Español
Dirección: Rodrigo Sorogoyen
Guión: Rodrigo Sorogoyen, Isabel Peña
Elenco: Aura Garrido, Javier Pereira, Jesús Caba, Lorena Mateo, Susana Abaitua, Juan Blanco
Montaxe: Alberto del Campo
Son: Roberto Fernández, Raúl Valdés
Música: Oliver Arson
Fotografía: Alejandro de Pablo
Produtora: Caballo Films, Tourmalet Films, Morituri (España)
Distribuidora: A Contracorriente Films

PREMIOS E FESTIVAIS
Goya 2013 (Mellor actor revelación e 3 nominacións), Málaga 2013 (Mellor director, actriz e guión novel), Feroz 2013 (Mellor drama)



Entrevista con Rodrigo Sorogoyen: «Quixemos contar unha historia banal que lle ocorre a todo o mundo cada fin de semana e facela interesante»

Por Claudio Sánchez

***Stockholm* rodouse en 13 días, cun orzamento pequenísimo (60.000 euros) e na que máis de 250 persoas colaboran no financiamento a través de micromecenados… A crise agudiza o enxeño?** Por suposto, non cabe ningunha dúbida. Ao longo da historia ten habido grandes probas diso. Estamos sumidos nunha situación crítica, pero as ganas de facer cinema poden con todo. O enxeño agudízase e búscanse os xeitos e os recursos necesarios para que se siga practicando algo tan antigo e primitivo como é contar historias.

Toda a película está apoiada na interpretación de Javier Pereira e Aura Garrido, que monopolizan a historia. Non lle daba medo tanto risco? Tiña dúbidas que entre os dous actores existise a química necesaria? Para min o guión era unha base estupenda. Só se necesitaban dous bos actores. E escolléronse a dous grandes actores. Aí estaba a clave. A dirección de actores baséase nun 50% no casting. Non fallamos. En canto á química xurdiu como debía xurdir, que os actores non se coñecesen entre si axudou moito á credibilidade dos seus personaxes e da súa situación na historia.

Ao longo da película utiliza con frecuencia a plano-secuencia. Interesáballe especialmente como medio de credibilidade interpretativa? Exacto. Son fan da plano secuencia. Se algo se pode contar cun plano por que contalo en dous? É o que dá credibilidade ao que sucede, ao que o espectador ve. É o mellor xeito para que os artificios sexan os menos posibles. Obviamente hai películas que non o piden, pero *Stockholm* pedíao claramente. Sobre todo na segunda parte da película, a historia pedía planos longos e planos secuencias, había que fuxir do artificio e centrarse no real, intentar meter o espectador nesa casa e vivir o que os personaxes están a experimentar. E o que están a experimentar non é outra cousa que a máis horrible cotiandade.

***Stockholm* é unha película xeracional que se afasta totalmente dos clixés xuvenís máis comerciais. Era consciente de facer unha película a contra corrente?** Era un obxectivo primordial. Se non intentásemos facer iso, a película non tería servido para nada. É moi difícil contar unha historia banal que lle ocorre a case todo o mundo cada fin de semana e facela interesante e desde unha perspectiva madura. Esperamos conseguilo, ou achegarnos, polo menos.

O amor e o sexo confúndense na súa película en conversas que soan moi próximas. Cre que a hipersexualización que mostran as películas xuvenís é unha realidade que xera unha ficción ou unha ficción que moldea a realidade? Considera que as relacións actuais están con demasiada frecuencia feridas de hipocrisía e superficialidade? Por suposto. Retroaliméntanse mutuamente. Somos así polo que vemos todos os días na televisión e nas revistas. Pero non nos esquezamos que as revistas e a televisión teñen eses contidos porque os demandamos. Feridas de hipocrisía e superficialidade? Somos máis susceptibles a iso, si. Énos doado caer nesa hipocrisía e nesa superficialidade sen ningún reparo… pero tamén somos máis resistentes. Estamos moi curados de espanto. Estamos a facernos moi escépticos.

Publicado en filasiete.com